

Paseos polo Vigo literario

Publicado por **Redacción**



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a concellería de Normalización Lingüística do concello de Vigo organizan tres "Paseos polo Vigo literario".

Todos os paseos terán como hora de saída ás 11.30 h. Para se inscribir deben enviar os seus datos (nome completo e teléfono) ao correo electrónico actividades.snl@vigo.org (deben indicar a cal/es paseo/s irán). As inscricións formalizaranse por orde de chegada do correo e está limitadas a 50.

Programa

- Sábado, 9 de maio: Pedro Feijoo, autor de

Os fillos do mar. Saída: A Oliveira.

No Paseo de Afonso XII, no número 2, ten o seu estudio o inefable Simón Varela, desde onde podemos baixar até a Porta do Sol, perdéndonos polo caso vello da cidade, tras os pasos de Daniel e León Beiroa. Desde a Porta do Sol e o teatro García Barbón até o calexo dos Caños, onde a Simón e a Mariña case lle parten os fociños os secuaces de herr Wessler, para descubrir a historia da vella rede de túneles esquecidos da cidade. A continuación baixariamos até a Alameda e desde aí ao Náutico, para, na compañía do mismísimo Verne, botar un ollo ao noso redor, á procura da cidade case desaparecida...

Unha cidade chea de historia aínda visible para uns ollos atentos...

- Sábado, 16 de maio: María Reimóndez, autora de *En vías de extinción*. Saída: por determinar.

Fronte ao desenraizamento, ela escolleu transplantarse, botar raíces aéreas e traer canda a si a montaña ao mar. Gaia, a protagonista de *En vías de extinción* percorre diferentes espazos mais a súa vida aséntase xa de forma definitiva na cidade ampla que acolle, de brazos abertos, o indómito e biodiverso. Vigo é tamén o espazo de intersección entre o ficcional e o vital para María Reimóndez quen neste percorrido nos levará polos espazos desta obra e compartirá tamén en exclusiva fragmentos da súa próxima novela *A música dos seres vivos*.

- Sábado, 23 de maio: Francisco Castro, autor de *Tes ata as 10*. Saída: Praza da Constitución.

Desde a Praza da Constitución desprazaremonos ata a Porta do Sol, ao edificio onde estaba ubicado *El Pueblo Gallego*, que serviu de inspiración para recrear o *Eco de Vigo*, o xornal onde traballa o pai do protagonista. Baixaremos cara o Teatro García Barbón, para parar na antiga sede da churrería 'Bonilla' de camiño cara á rúa Luis Taboada, rúa que albergaba a enigmática imprenta da novela *Tes ata as 10*. A Praza de Compostela-Alameda e o Porto Deportivo encamiñaránnos cara á estatua de Xulio Verne, protagonista da cidade e da novela.